

AMAL 18
EN RUTA
PONTEVEDRA

03-09 — 08-09
TEATRO PRINCIPAL

AMAL EN RUTA PONTEVEDRA
é un resumo da última edición da Semana de Cine Euroárabe Amal. Consta de tres ficcions e tres documentais, que supoñen un percorrido polo mellor cine árabe de actualidade.

Desde a Fundación Araganey estamos convencidos de que a CULTURA é unha das máis fermosas maneiras de loitar. A cultura é un diálogo entre persoas capaz de abrir a nosa mente, e canto máis nos enchouparamos de diferentes culturas máis medos derrubaremos. A ignorancia non significa non saber, senón non querer saber, e non querer saber, comprender ou escutar é o comezo dos grandes conflitos.

En Amal levamos 15 anos loitando por facer do cine unha ponte entre culturas. E ti, por qué loitas?

GHALEB JABER MARTÍNEZ



WAJIB

ANNE MARIA JACIR

2017 | 96' | Palestina, Francia, Alemaña, Qatar, EAU

Despois de anos no estranxeiro, Shadi regresa ao seu natio Nazaret. Está de volta para honrar ao seu "wajib" (ou deber) para distribuir co seu pai, Abu Shadi, as invitacions da voda da súa irmá.



Cineasta e poetisa palestina. Foi escollida unha das 25 persoas más importantes no cinema independente pola revista Filmmaker magazine. O seu filme *La sal de este mar* participou no Festival Amal 09.



GAZA SURF CLUB

PHILIP GNADT E MICKEY YAMINE

2016 | 87' | Palestina, Alemaña

Atrapados na prisión ao aire libre máis grande do mundo e gobernados pola guerra, unha nova xeración lánzase ás praias. Fartos da ocupación e o bloqueo, atopan a súa válvula de escape nas ondas do Mediterráneo: son os surfeiros de Gaza.



Mickey Yamine, produtor, director e escritor exipcio, trasladouse a Alemaña cando tiña dezoito anos. A súa ópera prima "*Tropic of fear*" obtivo unha mención honorífica no Festival de Locarno. Philip Gnadt director alemán, funda Substanz Filme en 2003, traballa como director independente de películas e documentais.



CARTAS DESDE BAGHDAD doc

SABINE KRAYENBÜHL E ZEVA OELBAUM

2016 | 95' | EEUU, Inglaterra, Francia

Letters from Baghdad conta a extraordinaria e dramática historia de Gertrude Bell, a muller máis poderosa do Imperio Británico no seu día. Por que foi borrada da historia?



Sabine, editora con máis de 20 documentais e ficcions ás súas costas. Premiada co Oscar e o Independent Spirit Award por "My Architect". Zeva é unha premiada produtora e fotógrafa, recentemente produciu "Ahead of Time", documental sobre a xornalista Ruth Gruber.



ESHTEBAK - CLASH

MOHAMED DIAB

2016 | 97' | Exipto, Francia, EAU, Alemaña

O Cairo, verán de 2013, dous anos despois da revolución exipcia. Por mor da expulsión do presidente Morsi, un camión da policía cheo de manifestantes detidos con antecedentes políticos e relixiosos diverxentes, percorre as diferentes violentas protestas. Poderán os detidos superar as súas diferenzas para ter unha oportunidade de supervivencia?



Galardoado escritor e director, cuxo traballo a miúdo se centra en problemas apremiantes na sociedade exipcia, como a súa ópera prima, *Cairo 678*, sobre tres mulleres que fan fronte ao chovinismo masculino e ao acoso sexual.